

## VIGO


# Vigo entra no outono fotográfico

O festival Outono Fotográfico instáurase en Vigo ao chegar a 31ª edición, rachando cunha irregularidade: era a única cidade sen exposicións. Nesta ocasión, a partir do día 13 haberá sete mostras con 19 autores en seis espazos.

REDACCIÓN.VIGO  
redaccionad@atlantico.net

■ A presentación do Outono Fotográfico no seu estreno en Vigo farase este luns, día 11, na sede vaguesa do Colexio de Arquitectos de Galicia. Participarán Antonio Davila, dos arquitectos; Xosé Lois Vázquez, director do Outono Fotográfico; Rita Ibarretxe, coordinadora do festival en Vigo e **Roi Alonso**, autor da exposición "Fragmentos", que será a primeira en abrir o día 13 ata o día 30. En paralelo, **Álvaro Laiz e David Rengel** presentan "Future Plans" en JT Photogallery Vigo (11 novembro ao 10 de xaneiros), en Abeleira Menéndez 13. Ata o 26 de novembro estará o colectivo **Punto 11** con "Es de día en Australia" na sala de exposicións do BBVA". Do 15 de novembro ao 13 de decembro en Detras do Marco, o colectivo **Arte K3** con "Estreno Photo", e ata o 30 de novembro **Xosé Reigosa Piñeiro** con "De Marbella a Torremolinos" e do 5 ao 28 de decembro **Pablo García Llamas** con "Año" en Expo Galería Arte (Isaac Peral 12 7A). Finalmente, **Rizo e Esteirán**, no Centro Cultural Novaxaixa (Policarpo Sanz 24-26) con "Galicia entra na Modernidade", do 17 de decembro ao 25 de xaneiro.

Segundo sinalaron os organizadores, a 31 edición do festival galego de fotografía segue coa expansión e sitúase á altura dos grandes eventos fotográficos mundiais co lanzamento do Premio Galicia de Fotografía Contemporánea. O festival aposta neste outono pola con-



"Fragmentos", de Roi Alonso Padín: edificio en Navia e terraza. Estarán no COAG o día 13.

solidación da Sección Oficial, nacida o pasado ano para equiparalo a outros festivais de todo o mundo, na procura da modernización e a profesionalización. Así este ano, a Sección Oficial conta con 37 exposicións espalladas polas catro provincias, en Portugal, e, como ven sendo habitual en Barcelona, onde tamén gaña espazos expositivos.

Curadores como Rui Prata, Ángel Calvo, Carolina Martínez, Manuel Sendón ou Tono Arias, traballaron man a man con autoras e autores como Martin Parr, Aude Léonard, Antía Moure, David Catá, Cynthia Nudel, Xulio Correa,

Juan Adrio, Luisa Dörr, Ian Wellder, David Alan Havey, Alec Soth, Rosa Muñoz, Félix Fernández ou Gaüeca, entre moitos outros. Polo que a Sección Oficial do festival segue a procurar a excelencia polo camiño da arte con autoras e autores nacionais e internacionais de recoñecido prestixio.

Asemade, nesta edición fíxose un esforzo pola busca de ligazóns entre outros festivais, tratando de acadar unha rede internacional. O resultado é o intercambio de exposicións que se establece co festival Encontros da Imagem de Braga, o iNstantes de Avintes (Portugal), o

Paraty em Foco de Rio de Janeiro, e ampliase a colaboración co Fórum Fotográfico de Barcelona.

Na 31 edición gaña espazos expositivos que suman xa 99, e establécense nas sete cidades galegas. O crecemento xeográfico fóra de Galicia, faise patente non só no veciño Portugal, senón tamén levando exposicións ao Bierzo. Suma 126 exposicións nas que participan 506 autoras e autores. Conta cunha financiación pública do 67% equivalente a 22.500 euros do Concello de Ourense e a Xunta de Galicia, e tamén do Campus de Ourense e do Concello de Santiago. ■

## La huelga en Renfe afectó sobre todo al eje Vigo-Coruña

REDACCIÓN.VIGO  
localad@atlantico.net

■ La CGT y el Sindicato Ferroviario han cifrado en 2.780 los viajeros afectados en Galicia por los partos parciales convocados el pasado lunes y este último viernes en los trenes de toda España y han afirmado que la participación en las protestas ha sido del 60% de los trabajadores. Destacan el incidente con una unidad que tenía que salir de Vigo.

En un comunicado, han recordado que este viernes ha sido la segunda jornada de protestas del mes de noviembre, tras las movilizaciones realizadas en la última semana de octubre. El seguimiento, sostienen, ronda el 60% de los trabajadores que "pueden hacer el paro atendiendo a los abusivos servicios mínimos impuestos por el Ministerio de Fomento".

Durante la mañana de ayer, prosiguen en la misma nota, la empresa "se ha visto obligada" a retrasar un tren entre Vigo y A Coruña que tenía previsto salir a su hora habitual, las 8.50 horas, "sin estar incluido en los servicios mínimos".

### LOS MÁS AFECTADOS

En todo caso, la mayor parte de los afectados en Galicia son usuarios del Eje Atlántico, en el que 2.140 viajeros tuvieron que cambiar las condiciones de viaje habituales porque utilizaban alguno de los 23 trenes suprimidos el lunes o alguno de los 25 que no circularon este viernes.

Aunque el pasado 4 de noviembre hubo una reunión entre los sindicatos y la dirección de Renfe, CGT y Sindicato Ferroviario todavía mantienen las huelgas convocadas para los lunes y los viernes del mes de noviembre y para el 5 y 20 de diciembre. ■

EXCLUSIVO  
SORTEO  
SUSCRIPTORES

PRESS CLUB **Atlántico**

Suscríbese a **Atlántico**

- Descuento de un 23,21% (sobre el precio de cabecera con foma de pago anual)
- Reparto gratis a su domicilio
- Condiciones especiales en promociones
- Disfrute de los beneficios PRESS CLUB

902 18 03 62

LE INVITA A

**PAYASOLANDIA**

Sábado 16 de noviembre a las 17:00 y 19:30 h.  
Domingo 17 de noviembre a las 12:00 y 17:00 h.  
EN EL TEATRO SALESIANOS

**REGALAMOS 100 ENTRADAS**  
(25 por función)

PRECIO ENTRADA NO SUSCRIPTOR 10 €

Venta anticipada en Juguetería "El País de nunca jamás"  
Ronda DonBosco 39 bajo

2 INVITACIONES POR SUSCRIPTOR. SOLICITE SU INVITACIÓN EN EL TELÉFONO DE ATENCIÓN AL CLIENTE: 902 18 03 62. DE LUNES A VIERNES DE 9:30 A 13:30.

